

Recomendación dirixida á Deputación Provincial de Pontevedra debido á falta de recoñecemento da exención do IVTM a unha persoa con discapacidade

Expediente: G.6.Q/14836/17

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

Sra. presidenta:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] en relación coa falta de recoñecemento da exención do IVTM a unha persoa con discapacidade.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que ten unha discapacidade certificada desde 2009. Está recoñecida con carácter definitivo polo Goberno de Canarias (polo órgano competente), onde residía ata hai uns meses. En decembro comezou a tramitar a exención del IVTM, denegada por esixir que o seu certificado fose emitido pola Xunta. Despois de dirixirse ao centro de Vigo dinlle que o seu certificado é válido e que non se pode validar por un emitido pola Xunta (carece de sentido). Fixo unha reclamación e volven denegalo, acolléndose á ordenanza fiscal do concello. Reúnese co asesor xurídico do concello e dille que a ordenanza está pendente de estudo para derogación, pero que mentres tanto debe pagar o imposto. Ponse en contacto con asesoría xurídica da Deputación Provincial de Pontevedra e envíanlle un informe non vinculante sobre o que debería facer o concello, pero fan caso omiso. Está á espera de que sexa a Consellería de Política Social a que lle diga algo, sinala. Solicitou a tarxeta de discapacidade de Galicia, pero tardan 5 meses. Engade que terá que ir ao contencioso por algo que non ten razón... danlla no centro (de discapacidade) de Vigo, o xefe xurídico da deputación e a inspección xeral de discapacitados.

2. Ante iso requirimos informe ao Concello de Pontearreas, que nolo remitiu. Sinala o seguinte:

“... Así consta que ██████████ entablou o pertinente recurso contra a liquidación do devandito imposto que lle xirou o ORAL, Organismo Autónomo da Deputación de Pontevedra no que o Concello ten delegadas as competencias de xestión e recadación do devandito imposto, sendo dito órgano o que lle denegou a dita exención en base a interpretación restritiva que o mesmo fai da Ordenanza municipal que exige para aplicar a dita exención a presentación do certificado do grao de minusvalía expedido pola consellería competente da Xunta de Galicia, isto é, dado que a reclamante presentara o dito certificado expedido por outra Comunidade Autónoma distinta de Galicia denegoulle a exención en cuestión. A raíz da resposta do ORAL a citada reclamante foi cando se dirixiu ao Concello para que lle resolvese o seu problema, onde se lle indicou que tiña a razón e que fora ao contencioso-administrativo, preito que non nos consta que tivera formulado. Por outra banda, tamén se lle indicou que o concello ía proceder a modificar á Ordenanza para ampliar tal requisito co fin de que valera o certificado expedido por calquera Comunidade. Respecto a esa cuestión achégase oficio de Tesourería municipal de 10-03-17 dirixido o Departamento de Servizos Sociais, así como tamén acordo plenario adoptado en sesión do 20-6-2017 no que decidiuse tramitar a modificación da devandita Ordenanza.

Á vista de todo o anterior o Concello a día de hoxe cumpriu o que lle incumbía, sendo polo tanto o ORAL o que tomou a decisión que motiva a queixa e a reclamante é a que ten que resolver o seu problema interpoñendo recurso xudicial contra a decisión do ORAL, da que por moito que o Concello modifique a Ordenanza, non lle vai a afectar a actual liquidación.

No obstante o anterior, este letrado quere poñer de manifesto a súa opinión ao respecto, se o expediente do recurso de reposición interposto por ██████████ contra a liquidación fora da súa competencia informal, o que non é o caso.

Así, atopámonos cunha Ordenanza que cingue o xeito de acreditar a minusvalía ao certificado expedido polo órgano competente da Administración Autonómica. Por outra banda, existe o artigo 4.3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, que di o seguinte "3. O recoñecemento do grao de discapacidade deberá ser efectuado polo órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente. A acreditación do grao de discapacidade realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o territorio nacional”.

De tal precepto dedúcese claramente que a Ordenanza municipal en cuestión contradixese abertamente coa Lei citada, e as consecuencias de tal contradición temos

que buscalas na Lei 39/2015, de 10 de outubro, que no seu artigo 47.2. dispón que "También serán nulas de pleno derecho las disposiciones administrativas que vulneren la Constitución, las leyes u otras disposiciones administrativas de rango superior, las que regulen materias reservadas a la Ley, y las que establezcan la retroactividad de disposiciones sancionadoras no favorables o restrictivas de derechos individuales." Asimesmo o artigo 128,3. di "Las disposiciones administrativas se ajustarán al orden de jerarquía que establezcan las leyes. Ninguna disposición administrativa podrá vulnerar los preceptos de otra de rango superior."

A isto hai que engadir que o Real Decreto 1/2013 antes citado ten unha disposición derogatoria que di "Quedan derogadas cuantas disposiciones de igual o inferior rango se opongan a lo dispuesto en el texto refundido de la Ley general de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social, y en particular, por integrarse en dicho texto refundido". Polo tanto, o artigo da Ordenanza nese concreto aspecto está derogado implicitamente na actualidade sendo válido o pretendido por [REDACTED].

Por conseguinte, se a [REDACTED] se lle pasou o prazo para ir ao contencioso-administrativo contra a liquidación podería interpoñer unha solicitude de revogación da liquidación ante o ORAL con base no disposto anteriormente e o disposto no artigo 109.1 da Lei 39/2015 segundo o cal "1. Las Administraciones Públicas podrán revocar, mientras no haya transcurrido el plazo de prescripción, sus actos de gravamen o desfavorables, siempre que tal revocación no constituya dispensa o exención no permitida por las leyes, ni sea contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico. Asimesmo, dado que o cauce da revocación é o adecuado para paliar tal despróposito, o Concello de Ponteareas pode dirixirse o ORAL tamén solicitando dita revocación da liquidación en cuestión, achegándolle copia do presente informe".

3. Confirmamos o motivo da queixa. A reclamante non veu recoñecida a exención do IVTM debido a que a súa certificación foi realizada por un órgano competente doutra comunidade, Canarias. A ordenanza indica que a certificación ten que ser a do órgano competente da administración autonómica, pero engade que a ordenanza é ilegal neste punto e está a promover a súa modificación. O mais relevante é que indica que en realidade a ordenanza debe entenderse tacitamente modificada pola evidente contradición co previstos no art. 4.3 do Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (*a acreditación do grao de discapacidade realizárase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o*

*territorio nacional*). Pero a competencia para o cobro é do ORAL (Deputación Provincial de Pontevedra), que debería ser a que rectificara polo medio que suxire.

4. Polo exposto requirimos da Deputación Provincial de Pontevedra que con urxencia informara sobre os extremos mencionados no ámbito das súas competencias. Tamén solicitamos aclaración ao concello para coñecer se remitiu ao órgano no que delega a recadación do IVTM o criterio (correcto) que nos trasladou, de tal forma que conste (sería un elemento de xuízo relevante).

5. A Deputación Provincial de Pontevedra sinalou o seguinte:

“... FEITOS 1º.- Na queixa e no escrito remitido pola Valedora formúlanse as seguintes cuestións: A reclamante non ve recoñecida a exención no IVTM debido a que a súa certificación foi emitida por un órgano competente doutra comunidade, Canarias, non sendo posible tramitar a certificación pola CA de Galicia. O Concello (de Ponteareas) sinala que a súa ordenanza indica que a certificación ten que ser do órgano competente da CA de Galicia e que tal ordenanza é ilegal neste punto e está a promover a súa modificación. Tamén sinala (o asesor xurídico do Concello) que a regulación municipal debe entenderse derogada neste punto polo RD Lexislativo 1/2013. Solicítase informe sobre os extremos mencionados, en concreto sobre o que resolveu ou resolverá a Deputación de Pontevedra (ORAL) e sobre a aplicación da normativa citada.

2º.- Con data 14/09/2015, este Servizo Xurídico emitiu informe ao respecto no que, entendemos, dáse resposta as cuestións formuladas. O informe, que se achega como único documento adxunto, foi remitido aos 48 concellos da provincia que teñen delegada a xestión tributaria do IVTM na Deputación Provincial de Pontevedra para que modificaran, se así o estimasen, as súas ordenanzas fiscais; e, deste xeito, dar a menor resposta en dereito aos veciños interesados de cada municipio. Moitos concellos modificaron nestes dous últimos anos as súas ordenanzas. O concello de Ponteareas aínda non a modificou.

3º.- Para dar unha maior claridade ao asunto obxecto da queixa é necesario detallar unha breve cronoloxía desta exención no IVTM, destinada a beneficiar aqueles vehículos matriculados a nome de persoas cunha determinada minusvalía e para o seu uso exclusivo.

3º 1.- A Lei reguladora das Facendas Locais esixía no seu art. 94.1.d), ata o 31 decembro 2002, que o vehículo estivera adaptado, tivera unha potencia inferior a 14 cabalos fiscais e pertencera a unha persoa con discapacidade física nun grao igual ou superior ao 33 por cento. Isto

último segundo a seguinte redacción: "A estes efectos, consideraranse persoas con minusvalía a quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por 100, de acordo co baremo da disposición adicional segunda da Lei 26/1990, do 20 de decembro, pola que se establecen na Seguridade Social prestacións non contributivas."

3°.2.- O vixente texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), aprobado polo RD Lexislativo 2/2004, regula a exención no artigo 93.1.e) nos seguintes termos: "Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. (...) consideraranse persoas con minusvalía quen teña esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento". Xa non se require determinada potencia do vehículo nin que estea adaptado, manténdose unicamente o grao do 33 por cento de minusvalía.

O apartado 2 do art. 93 regula o procedemento de concesión, sendo destacable que o certificado de minusvalía será achegado nos termos aprobados pola respectiva ordenanza fiscal municipal: "En relación coa exención prevista no segundo parágrafo do parágrafo e) do apartado 1 anterior, o interesado deberá achegar o certificado da minusvalía emitido polo órgano competente e xustificar o destino do vehículo ante o Concello da imposición, nos termos que este estableza na correspondente ordenanza fiscal."

3°.3.- O 28 de xullo de 2010 este servizo informou que se debería entender como órgano competente para emitir o certificado de minusvalía o dependente da Xunta de Galicia, salvo que a ordenanza fiscal do municipio previse outra cousa. Criterio que se baseaba en que o órgano competente para valorar as minusvalías era o correspondente da Xunta de Galicia, que as acreditacións expedidas por outros órganos non indicaban a porcentaxe esixida polo TRLHL ou, mesmo, indicaban unha porcentaxe inferior ao 33 por cento e que a Dirección Xeral de Tributos (consultas vinculantes V0203-07 e V0921-11) consideraba que a Lei 51/2003, que entendía que todo documento declarativo de incapacidade incluía un 33 por cento, non era aplicable no ámbito tributario por evidente incongruencia co TRLHL. Incluso a STS de 20 de outubro de 2011, Sala GA, Sec. 2 a, é conciliable con esta interpretación.

3°.4.- Posteriormente, a DXT, a través da Subdirección para a Administración local, redactou dúas consultas xerais nos anos 2013 e 2014. Ambas coinciden no criterio de que impera o que estableza a ordenanza fiscal (OF) municipal pero en sentido inverso ao criterio anterior: se a OF non esixe documento do IMSERSO ou do órgano competente da CA é suficiente a achega dalgún dos documentos aos que se refire o artigo 2 do RD 1414/2006; en cambio, se a OF os esixe expresamente, han de achegarse.

3°.5.- A petición desta Deputación Provincial de Pontevedra, a Subdirección Xeral de Tributos Locais da DXT do Ministerio de Facenda (única competente para ditar doutrina administrativa nesta materia de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria), emitiu informe ao respecto en data do 21 de xullo de 2015 no que se comunica que: - non é necesario que a OF concrete de forma específica que órganos considera como competentes para expedir o certificado necesario para os efectos da acreditación do art. 93.2 TRLHL; - e que se a OF non esixe expresamente a achega do certificado ou resolución expedido polo IMSERSO ou o órgano competente da CA, é suficiente a acreditación do grao de minusvalía mediante a achega dalgún dos documentos aos que se refire o art. 2 do RD 1414/2006.

3°.6.- Como dicíamos ao principio, por este Servizo Xurídico emitíuse informe o 14 de setembro de 2015 no que se concluíu que: No caso de que a OF do municipio esixa a achega dun documento oficial, acreditativo do grao de minusvalía, o suxeito pasivo deberá de achegalo para poder ser beneficiario da exención no IVTM. En cambio, se a OF municipal non esixe expresamente ningún documento acreditativo, será suficiente para ser beneficiario da exención a achega polo suxeito pasivo dalgún dos documentos aos que se refire o art. 2 do RD 1414/2006.

3°.7.- Finalmente, por Acordo co Concello de Ministros de 10 de febreiro de 2017 formouse a Comisión de expertos para a revisión do modelo de financiación local, que emitiu o seu informe o 26 de xullo de 2017. Respecto ao tema que nos ocupa, a Comisión propón ao Goberno e, por extensión, ao Parlamento, unha adaptación legislativa coherente coa normativa social, recoñecendo a situación de incapacidade permanente total ou absoluta, así como a grande invalidez coma incapacitado, a efectos da súa consideración como supostos de exención do IVTM.

4°..- Con data 05/09/2017 [REDACTED] presenta solicitude de devolución de ingresos indebidos polo exercicio 2017 do IVTM con base na que xa posúe e achega certificado da Xunta de Galicia, emitido o 09/08/2017, no que se acredita unha porcentaxe de discapacidade do 36%; superior, por tanto, ao 33% esixido polo TRLFL. No expediente de devolución polo IVTM do exercicio 2017, devindicada o 1 de xaneiro, procede a súa desestimación e o recoñecemento da exención rogada do IVTM a partir do exercicio 2018. Todo isto por imperativo do establecido no art. 137.1 do RD 1065/2007 polo que se aproba o regulamento de xestión e inspección da LXT: "O recoñecemento dos beneficios fiscais surtirá efectos dende o momento que estableza a normativa aplicable ou, no seu defecto, dende o momento da súa concesión."

CONCLUSIÓNS 1.- Á vista do anterior, cando o Concello de Ponteareas sinala que a súa ordenanza indica que a certificación ten que ser do órgano competente da CA de Galicia e que tal ordenanza é ilegal neste punto e está a promover a súa modificación, temos que dicir que a OF é perfectamente legal como tamén é legal a súa modificación segundo os criterios comunicados. Tamén sinala o concello que a regulación municipal debe entenderse derogada neste punto polo RD Lexislativo 1/2013. Como xa indicamos, este Real decreto lexislativo é aplicable se a OF o prevé, caso contrario o aplicable é o RD Lexislativo 2/2004 que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, único aplicable directamente no eido tributario. A derogación que se proclama só pode ser levada a efectos a través da vía parlamentario, sede do poder lexislativo, tal e como informou e propuxo a Comisión de expertos o 26 de xullo do ano que andamos. 2.- En canto a aplicación por esta Deputación P. de Pontevedra da normativa, temos que dicir que se aplica a normativa segundo os seus propios termos, coa interpretación que a doutrina administrativa tributaria indica e de acordo co previsto na OF do concello de que se trate. Como xa manifestamos, no caso de que a OF do municipio esixa a achega dun documento oficial, acreditativo do grao de minusvalía, o suxeito pasivo deberá achegalo para poder ser beneficiario da exención no IVTM. En cambio, se a OF municipal non esixe expresamente ningún documento acreditativo, será suficiente para ser beneficiario da exención a achega polo suxeito pasivo dalgún dos documentos aos que se refire o art. 2 do RD 1414/2006. 3.- Finalmente, non podemos deixar de lembrar que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º asígnalle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social. Así mesmo, no artigo 33.2º establécese que lle corresponde o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de seguridade social. Polo RD 258/1985, do 23 de xaneiro, traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos do Instituto Nacional de Servizos Sociais (Inserso) da seguridade social.

O RD Lexislativo 1/2013, do 29 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social que derogou e refundiu a Lei 5/2003 xunto coa Lei 13/1982 e a Lei 49/2007, establece no seu artigo 12.3 as funcións dos equipos multiprofesionais de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade. E, para Galicia, aprobouse a Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. Esta orde ten como obxecto regular o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 1). Establecendo o seu artigo 7.f) como función dos órganos de valoración a de "Emitir os ditames técnico-

facultativos previstos na Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, en relación con situacións de discapacidade.

En cumprimento desta normativa, con data 09/08/2017 emitíuse certificado de discapacidade polo órgano competente da Xunta de Galicia acreditativo de que [REDACTED] tiña unha minusvalía superior ao 33%. Con data 05/09/2017 presenta solicitude de devolución de ingresos indebidos aportando certificado. Con data 02/11/2017 dítase resolución desestimando a solicitude de devolución para o exercicio 2017 e recoñecendo a exención no IVTM para o exercicio 2018 e seguintes de acordo co previsto no art. 137 do RD 1065/2007...".

7. O Concello de Ponteareas sinalou o seguinte:

“En relación o expediente de referencia, indícolle que no seu día foi remitido o informe xurídico o ORAL e dito Organismo a través do seus servizos xurídicos púxose en contacto coa Asesoría xurídica municipal participándolle que en base a un informe xurídico emitido por eles no ano 2015 non admitían o informe municipal. Achégase ó presente o mail en cuestión e o informe remitido nese mail, co cal o Concello cumpriu co sinalado no seu informe.

Por outra banda, participolle que o Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 17-11-17 aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza do Imposto de Vehículos na que se inclúe a posibilidade de presentar calquera documento que acredite a minusvalía. Achégase copia do acordo”.

#### ANÁLISE

1. O concello sinalara que a regulación municipal debe entenderse derogada pola normativa con rango de lei, fundamentalmente o Real Decreto Legislativo 1/2013, e agora engade que ese criterio o trasladara á deputación, que respondeu aportando o informe que coñecemos en contra do recoñecemento da exención.

Por contra, a deputación afirma que prevalece o expresado na ordenanza sobre as leis de 2003 e 2013, de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, debido ao disposto no TRLRFL e nas consultas á administración estatal en materia de tributos.

Agora o concello está a modificar expresamente a ordenanza para que non volvan a darse este tipo de problemas, o que segundo a deputación non afectaría ao imposto



liquidado, senón aos posteriores. Ademais a deputación indica que advertiu hai tempo aos concello da posibilidade promovida agora para evitar este tipo de situacións.

2. Ao respecto en primeiro termo debemos subliñar que o art. 4.3 do Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, sinala que “o recoñecemento do grao de discapacidade deberá ser efectuado polo órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente. A acreditación do grao de discapacidade realizarase nos termos establecidos regulamentariamente e terá validez en todo o territorio nacional”. E o Real Decreto 1414/2006 sinala que a “o grao de minusvalía igual ao 33 por cento se acreditará mediante os seguintes documentos: a) Resolución ou certificado expedidos por ... órgano competente da Comunidade Autónoma correspondente (art. 2); e “a acreditación do grao de minusvalía nos termos establecidos no presente real decreto terá validez en todo o territorio nacional”.

A pesar do claro da normativa a deputación sostén que para aplicar a exención da IVTM é necesario que cada persoa con discapacidade que se traslada de comunidade espere ao recoñecemento pola nova comunidade, mesmo no caso de que a súa resolución sexa só formal, como neste caso, en que a declaración era definitiva. Iso é algo expresamente descartado polo Real Decreto citado, que prevé que as certificacións de cada comunidade sexan válidas en todo o territorio nacional, como é lóxico. En contra desta entendible previsión o organismo provincial interpreta o contrario, o que supón que cada persoa afectada por un traslado mediante o exercicio dun dereito fundamental (art. 19 CE; liberdade de residencia e circulación) perda o beneficio fiscal ou discriminación positiva recoñecida legalmente e motivada pola súa discapacidade.

Esta institución está de acordo en que o concello podería ter promovido antes a modificación da súa ordenanza ante a interpretación restritiva da deputación. Pero dado que non compartimos esa interpretación mostramos o noso acordo co indicado polo concello, que subliña que a ordenanza municipal contradí a lei e o seu desenvolvemento xeral, polo que serían aplicables os arts. 47.2 e 128.3 da Lei 39/2015 e a ordenanza sería nula. Tamén é aplicable a disposición derogatoria do Real Decreto 1/2013, tal e como sinala o concello.

O ente local engade que pode aplicarse o art. 109.1 da Lei 39/2015 (revocar, mentres non transcorra o prazo de prescrición, os actos de gravame ou desfavorables, coas condicións que menciona esa disposición), e subliña que “o cauce da revogación é o adecuado para paliar tal despropósito”.

3. A argumentación da deputación é a mesma que a aportada en relación coa falta de equiparación das persoas con incapacidades laborais ás persoas con discapacidade aos efectos do IVTM. A ese respecto tamén manifestamos a algunhas deputacións a nosa posición contraria á non equiparación, que elas defenden e están a aplicar. O argumento principal para a non equiparación a estes efectos é a aplicación preferente da normativa fiscal prevista no TRLRFL fronte as reformas xerais.

As leis doutros impostos de maior relevancia foron reformadas expresamente no senso da equiparación para a facer efectivo o que prevé a normativa de discapacidade, o que non se fixo en cambio na LRFL. Iso e as interpretacións da DXT (Ministerio de Facenda), que tamén alegan ás deputacións, fan complexa a solución do asunto, como tanto as deputacións como a valedora do pobo recoñecen en relación con outras queixas relativas á equiparación.

En calquera caso, a necesidade de facer efectiva a equiparación recoñecida legalmente é urxente e nese mesmo senso a propia deputación sinala que a comisión de expertos para a revisión do modelo de financiación local emitiu un informe o 26 de xullo de 2017 no que propón ao Goberno e ao Parlamento unha adaptación legislativa coherente coa normativa social, recoñecendo a situación de incapacidade permanente total ou absoluta, así como a grande invalidez coma incapacitado, a efectos da súa consideración como supostos de exención do IVTM.

4. Á vista da complexidade da situación é claro que son precisas reformas para facer efectiva a equiparación. Podería darse pola vía apuntada ou por outras (por exemplo, o recoñecemento da equiparación polo órgano competente, que esta institución recomendou á Consellería de Política Social e esta aceptou). Pero, como sinala correctamente o informe da comisión de expertos, o que se pretende coa proposta é evitar a falta de efectividade da equiparación no IVTM. Non se alude a que resulte preciso dicir expresamente que as resolucións de recoñecemento da discapacidade dunha comunidade sirvan noutra, o que parece pretender a práctica da deputación coñecida con esta queixa. Xa coa normativa actual deben considerarse válidas, polo menos ata que venza a súa vixencia e corresponda a revisión ao órgano competente da comunidade da nova residencia, o que non pasaría no caso examinado (valoración definitiva).

En realidade a falta de equiparación en materia de IVTM débese no fondo a que se considera que no ámbito fiscal non se modificou expresamente a necesidade de superar a barreira do 33 % de discapacidade para a exención e esa barreira só pode facerse mediante reforma expresa da normativa fiscal, como se deu noutros impostos, e non por

outra lexislación sectorial. Porén, este non é o caso exposto, posto que o certificado definitivo da reclamante acredita expresamente que se supera a barreira legal (36 %).

En resumo, a deputación estende o argumentado para opoñerse á equiparación das persoas incapacitadas laboralmente ás persoas con discapacidade ata que se reforme a LRFL aos casos de cambio de residencia e certificación adecuada por parte doutra Comunidade Autónoma competente en igual medida que a propia, e o fai a pesar de que nestes casos non son aplicables os mesmos criterios e non aparecen as posibles dúbidas razoables que se manifestan en relación coa equiparación.

5. Aos problemas que esta interpretación xera neste e en casos similares engádense a circunstancia de que son frecuentes e importantes os retrasos nas valoracións de discapacidade competencia da Xunta de Galicia.

6. A persoa que reclamou demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, psíquicos e sensoriais, aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Deputación Provincial de Pontevedra a seguinte recomendación:

*Que examine se se cumpren os requisitos para a revisión da liquidación do IVTM de 2017, e en caso positivo a impulse dado que no Concello de Pontearreas para aplicar a exención recoñecida ás persoas con discapacidade era suficiente acreditar a discapacidade cun documento expedido por órgano competente doutra comunidade autónoma, sempre e cando no mesmo se recoñeza ao menos o 33 % do grado.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da

aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente,

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo